



Marín, setembro de 2023

SAÍDA DO ALUMNADO DE 5º E 6º AO REMATE DO HORARIO LECTIVO

Estimadas familias:

De acordo coa Instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega **ao rematar as clases lectivas, as actividades extraescolares e as excursións ou visitas culturais, os alumnos serán recollidos nas instalacións do centro educativo polas persoas responsables, é dicir, polos pais, nais ou titores legais**. En caso de cursar 5º o 6º de primaria os nenos poderán saír sós, sempre e cando Vdes. os autoricen eximindo ao centro e á Consellería de toda responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

Tamén poderán autorizar a outro adulto ou a un irmán ou irmá maior que curse 5º e 6º de educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou bacharelato, a recollelos, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregándoa aos titores do alumno, polo que lles pregamos cubran a autorización que figura embaixo.

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que os pais, nais, titores legais, acollores ou proxenitores separados que exerzan a garda e custodia así o permitan e autoricen de xeito motivado, precisando as condicións da súa marcha sós ou da recollida por eles mesmos, ou polo adulto, irmán ou irmá maior autorizados.

AUTORIZACIÓN SAÍDA ALUMNADO DE 5º E 6º

D.Dª. _____ pai/ nai/titor/a legal do
alumno/a _____ de _____ curso,



AUTORIZO AO MEU FILLO/ Á MIÑA FILLA A SAÍR SÓ AO REMATE DO HORARIO LECTIVO, das actividades extraescolares e as excursións ou visitas culturais, eximindo ao centro e á Consellería de toda responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que puidese sufrir.

En Marín, a de setembro de 2023

O pai, a nai, o titor legal,

Asdo.: _____

DNI.: _____

AUTORIZACIÓN RECOLLIDA ALUMNADO

D.D^a. _____ pai/ nai/titor/a legal do
 alumno/a _____ de ____ curso,

AUTORIZO A:

D/D^a. _____ con DNI _____

D/D^a. _____ con DNI _____

D/D^a. _____ con DNI _____

D/D^a. _____ con DNI _____

a recoller ao meu fillo/ á miña filla ao rematar as clases lectivas, as actividades extraescolares e as excursións ou visitas culturais.

En Marín, a de setembro de 2023

O pai, a nai, o titor legal,

Asdo.: _____

DNI.: _____

Nota: As persoas autorizadas deberán identificarse á hora da recollida.